

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE MAIO DE 2014

1.- Acórdase por asentimento:

(i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade do día 11 de marzo de 2014.

(ii) Renovar os seguintes membros das comisións da Facultade:

1. Na Comisión Permanente substituír aos alumnos D. Andoni Bruña Yusta e D.^a Rebeca Garra Moreira polos alumnos D. Iván Fernández Araújo e D. Fernando Gefaell Valcarce.
2. Na Comisión de Garantía da Calidade:
 - a. Asignar provisionalmente ata o 4 de xuño a presidencia ao Sr. Decano e a partir de entón á Prof.^a Fernández Prieto, pasando durante ese tempo o Prof. Rodríguez Vázquez a representar, en substitución do Sr. Decano, ao profesorado permanente do Máster universitario en Avogacía.
 - b. Eliminar aos representantes do Máster universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente como consecuencia da extinción do título -o Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López polo sector de profesorado permanente e D. Francisco Conde Fernández polo de egresados do máster-.
 - c. Substituír ao representante do alumnado do Máster universitario en Información Técnica do Medicamento, D. Álvaro de Castro Palomares, polo alumno que propoña a Sra. Coordinadora do devandito máster – a Prof.^a Dra. Inés C. Iglesias Canle- e que D. Álvaro de Castro Palomares pase a ser representante na comisión polo sector egresados do Máster universitario en Información Técnica do Medicamento.
 - d. Substituír como representante do sector de profesorado non permanente ao Prof. Dr. Rafael Andrés Velázquez Pérez pola Prof.^a D.^a Ángela Coello Pulido.
 - e. Substituír como representante do sector alumnado de Licenciatura a D.^a Iris Requejo González por D. Ángel Rodríguez Escribano, condicionado á súa previa aceptación
 - f. Designar como representante do sector egresados do Grao a D. José Luís Castro Fírvida ou a D.^a Paula Conde Lama, que pronto terá que deixar de ser representante do sector alumnado de Grao, condicionado á previa aceptación dalgún deles.

g. Delegar na Comisión Permanente os cambios que non se poidan materializar.

(iii) Aprobar os calendarios das guías docentes do Grao en Dereito e do Máster universitario en Avogacía e delegar na Comisión Permanente a aprobación do calendario das guías docentes do Máster universitario en Información Técnica do Medicamento.

(iv) Aprobar os Tribunais de 5ª, 6ª e 7ª Convocatoria e Fin de Carreira da Licenciatura en Dereito para o curso 2014/2015 propostos polos departamentos de Dereito Privado, Dereito Público e Dereito Público Especial.

(v) Aprobar as dúas solicitudes de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Facultade presentadas ata o momento e delegar na Comisión Permanente a aprobación das solicitudes que poidan presentarse ata o mes de outubro. Apróbanse, en concreto:

1. 350 € para as XI Xornadas Sociedade e Dereito "As reformas políticas e administrativas que a España do século XXI necesita", organizadas polo Prof. Dr. José Agustín González-Ares Fernández
2. 600 € para o Decanato para o acto de graduación do alumnado da Segunda Promoción do Grao en Dereito.

(vi) Delegar na Comisión Permanente:

1. A designación dos membros do tribunal encargado de xulgar a memoria de Licenciatura "La prueba del ADN" que presentará a alumna D.ª M.ª Victoria Álvarez Buján, baixo a dirección da Prof.ª Dra. Inés C. Iglesias Canle.
2. A aprobación dunha táboa de recoñecemento de créditos entre a Licenciatura en Dereito e o Grao en Dereito modificado.

Ourense, 23 de maio de 2014

Decanato
Facultade de Dereito

A secretaria

Universidade de Vigo

Marta Fernández Prieto

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 22 de maio de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 26 de maio de 2014.

A SECRETARIA

Marta Fernández Prieto